

Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

1. Normativización e variedade estándar

Entendemos por **normativización** o proceso, realizado por institucións científicas, que procura establecer unha norma (en canto á ortografía, á morfosintaxe, ao léxico ou á pronuncia). **Variedade estándar** é a variedade de lingua que resulta correcta de acordo coas normas académicas e que se basea nas formas que unha Academia considera máis oportunas. Trátase dunha variedade fundamentalmente de uso escrito empregada como vehículo de expresión dos medios de comunicación, da ciencia, da filosofía, da literatura... Esta variedade cumpre varias funcións:

- serve de modelo de referencia para a alfabetización
- fortalece a conciencia de falar unha lingua diferente doutras
- crea sentimento de unidade lingüística entre os falantes de distintos dialectos
- aumenta o prestixio das linguas que a posúen

Xeralmente distínguense dúas orientacións á hora de establecer unha variedade estándar: unha máis culta, máis elitista, que defende unha ortografía máis fiel á etimoloxía, ao latín, aos escritores consagrados; e outra máis popular e máis simple, máis achegada á oralidade.

2. A construción da variedade estándar

As persoas que no século XIX escribían en galego descoñecían a escrita medieval galega e crían ser os primeiros cultivadores literarios do galego. O descoñecemento do uso medieval e a falta de usos escritos contemporáneos implicaba a carencia dunha tradición ou modelo lingüísticos que seguir.

Un dos problemas cos que se enfrontaron estes autores do XIX foi o da ortografía. A ortografía castelá, que os autores galegos adaptaron como base, non resolvía todas as situacións: o castelán carece do fonema fricativo prepalatal xordo /ʃ/, e do nasal velar /ŋ/; e da oposición entre vogais /ɛ/-/e/. Así, por exemplo, desatouse unha polémica sobre como representar o fonema /ʃ/ entre os partidarios de usar só a letra <x> e os partidarios de empregar escritas etimolóxicas, que consideraban máis adecuado empregar as letras <j>, <g> e <x> segundo a orixe etimolóxica da palabra. Tamén resultaba complicada a representación na escrita dos encontros vocálicos en palabras contiguas ou as contraccións.

Tamén existían problemas léxicos e morfolóxicos. Por exemplo, Rosalía de Castro empregaba na escrita a morfoloxía do seu dialecto pero tamén a doutros: calade, calá, tirai como P4 do Imperativo.

A creación dun estándar que solucionase esas dificultades foi un proceso lento. En 1906 creouse a **Real Academia Galega**, co fin de redactar unha gramática e un dicionario normativos. Deste último só elaborou as entradas correspondentes ata *cativo*; a gramática nunca se escribiu.

En 1933 o **Seminario de Estudos Galegos** aprobou unhas *Normas pra a unificación do idioma galego*, con solucións que acabarían por ser definitivas no galego actual (a grafía <x>, o dígrafo <nh>, os grupos consonánticos cultos...). Porén, o estalido da Guerra Civil e a ditadura franquista interromperon este proceso.

Nos anos 50, a **Editorial Galaxia** elaborou unha proposta de normas que aplicaba aos libros que publicaba e que, basicamente, coincidirán coas *Normas ortográficas do idioma galego* da Real Academia Galega (1970): dígrafo <nh> para a nasal velar, grafía <x> para /ʃ/ e para /ks/, acentuación castelá, eliminación de guións e apóstrofos...

En 1971, o **Instituto da Lingua Galega** publica tres manuais para aprender galego (*Galego 1*, *Galego 2* e *Galego 3*), cunha proposta de estándar con pequenas diferenzas. En 1982, a RAG e o ILG publicaron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, que foron lixeiramente reformadas en 2003. En 2004, RAG e ILG editaron tamén o *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, que serve para a escrita correcta do léxico e é a base sobre a que se constrúen os dicionarios de lingua galega.

Coas *Normas* de 2003 púxose fin a un conflito que durou vinte anos. A variedade estándar defendida pola RAG non era plenamente aceptada por algúns sectores sociais interesados na normalización do galego que coincidían en sinalar que o galego é unha forma de portugués e non unha lingua independente. Por esta razón promoveron varias propostas partidarias de achegar en maior grao o estándar galego ao estándar portugués.

As propostas que mantiñan unha fasquía máis semellante á da RAG chamáronse **de mínimos** reintegracionistas; as que pretendían achegarse en maior grao á escrita portuguesa chamáronse **reintegracionistas**. Hoxe en día, seguen a existir persoas que non aceptan a independencia lingüística do galego e son partidarios dun maior grao de identificación co portugués.

No terreo do **léxico** tamén se produciron moitos cambios ata acadar a variante estándar actual.

No século XIX, a escrita baseábase na oralidade, principalmente das variedades dialectais dos escritores, polo que eran moi frecuentes os **dialectalismos** (calai), os **vulgarismos** (*frol, *probe...) e os **castelanismos** (*pino, *gallego...). Para evitar estas solucións, os autores buscaron un diferencialismo tamén erróneo, deformando palabras para facelas máis galegas, denominadas **hiperenxebrismos** (*ambiente...), ou recuperando termos en desuso, **arcaísmos** (*coor...).

Hoxe en día, o léxico galego atópase perfectamente estandarizado e podemos atopar xunto a cultismos e neoloxismos, palabras recuperadas do galego medieval, do portugués moderno, do galego popular e do galego dialectal.

3. Interferencias e desviacións da norma.

Nunha situación de conflito lingüístico entre dúas linguas, é frecuente a influencia dunha delas sobre a outra, en todos os planos (fonético, gramatical, léxico, pragmático...). É o que se denomina **interferencia lingüística**. Un concepto distinto é o de **transferencia**, que consiste na aplicación de coñecementos da lingua materna cando se tenta falar unha lingua aprendida (p. ex., os castelán-falantes que colocan mal o pronome cando falan galego). Unha terceira posibilidade é o **cambio de código**, é dicir, a alternancia de galego e castelán, de xeito máis ou menos consciente, durante a creación dun enunciado; adoita ter unha función comunicativa, pois poden servir para enfatizar unha parte do enunciado.

Enténdese por **desviación da norma** toda aquela forma que se afasta do estándar, excluindo os dialectalismos, pois non teñen ese valor de incorrección.

3.1. Interferencias do castelán no galego

Existen tantos tipos de interferencias como compoñentes lingüísticos. As interferencias estruturais (que afectan á fonoloxía, á morfoloxía e á sintaxe) aparecen sobre todo nas situacións de forte contacto entre o castelán e o galego, principalmente nas cidades e vilas grandes. As interferencias léxicas (palabras e fraseoloxía) poden aparecer en calquera tipo de falante.

Interferencias estruturais

- **Interferencias fonolóxicas:** incapacidade para distinguir /ε/ e /e/ (présa/presa)
- **Interferencias morfolóxicas:** *andúven, *valdría, *supera, *haber feito, *quenés
- **Interferencias sintácticas:** *Llo dixen eu, *lavouse as mans

Interferencias léxicas

- **Palabras:** *Dios, *cuchilo, *iglesia, *cuchara
- **Fraseoloxía:** *para colmo (por riba), *curado de espantos (escarmentado), *toca madeira (meigas fóra)

Ás veces, algúns falantes, para diferenciarse do castelán, evitan o vocabulario común e escollen unha forma máis diferenciada (agardar por esperar)

3.2. Interferencias do galego no castelán

Tamén a variedade dialectal do castelán de Galicia se ve interferido polo galego:

- **Interferencias fonolóxicas:** sete fonemas vocálicos, entoación interrogativa
- **Interferencias morfolóxicas:** *ya llegara, *no te sé
- **Interferencias sintácticas:** *voy comer, *cortaste el pelo, *no doy hecho
- **Interferencias léxicas:** *mazadura, *túzaro, *pota, *reseso